

PERSONAXE 1: Nadia, da India.

INSTRUCCIÓN NADIA

Le en voz alta, para que te escoite o resto de xogadoras/es:

Ola, chámome Nadia e son da India. Teño 25 anos e son orixinaria dunha zona rural, onde nacín e vivín ata que casei, hai 10 anos. Son adivasi, unha etnia con costumes, lingua e cultura propias dentro da India. Vou ir vivir a Nova Delhi porque preciso atopar un traballo co que enviar cartos á miña familia, xa que coa agricultura non obtemos suficiente para todos/as. Agardo que aquí na cidade as cousas cambien.

Información de xogo para Nadia

Comezas o xogo con... 1000 puntos.

Cadro 3. *Acabas de chegar á cidade, que é xigante, e de súpeto non atopas a carteira con toda a túa documentación. Perdes 300 puntos.*

Cadro 5. *Preséntaste nunha tenda de roupa na que precisan vendedoras/es. Míranche mal e dinche que non tes boa presenza para poder atender ao público. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 cadros.*

Cadro 8. *Consegues traballo nunha fábrica téxtil. O salario son 52 euros ao mes. É pouco, pero é mellor que nada. Gañas 100 puntos.*

Cadro 10. *Na fábrica téxtil onde conseguiches traballo, a túa tarefa é facer o "areado" dos pantalóns vaqueiros para que teñan aparencia de desgastados. Dóenche moito os ollos do po que respiras ao facer o areado. Perdes 200 puntos e retrocedes ata a saída.*

Cadro 14. *Na fábrica téxtil onde conseguiches traballo, os patróns pídenche que traballes 14 horas durante 6 días á semana. Son moitas horas pero tes que aceptar porque non queres que te despidan. Perdes 150 puntos e retrocedes 5 cadros.*

Cadro 17. *Con moitas ganas de seguir estudando, matriculaste nun curso escolar de fins de semana. Gañas 200 puntos.*

Cadro 21. *Conseguches alugar un cuarto con unha pequena cociña e un baño. Cando os donos ven que non es da zona e se enteran de que es nai de 3 nenas que non viven contigo, dinche que xa está alugada. Perdes 200 puntos e retrocedes ata o cadro 15.*

Cadro 23. *Fas amizade con dúas mozas do sur rural da India, moi simpáticas. Convidante a compartir a casa na que viven. Gañas 200 puntos.*

PERSONAXE 1: Nadia, da India.

Cadro 27. *Caes enferma e tes que ir ao centro médico. Recéitanche unha medicación moi cara que non podes mercar. Ademais, como non tes ningunha clase de contrato, non che pagan os días que deixas de traballar por estar enferma. Perdes 300 puntos.*

Cadro 30. *Xa non usas a roupa indíxena do teu poboado nin falas a túa lingua materna. Como sufriches discriminación, sentes vergoña de ser dunha zona rural. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 cadros.*

Cadro 34. *As túas amigas convidante a participar nunha charla sobre dereitos laborais. Gañas 200 puntos.*

Cadro 35. *A túa nai avísate de que o teu pai está enfermo e precisa unha operación moi cara. Pides diñeiro adiantado aos teus patróns na fábrica, pero concédenche só unha parte do que precisas. Mandas á túa familia todos os cartos que che quedan. Perdes 200 puntos e retrocedes 6 cadros.*

Cadro 37. *Os teus xefes dinche que este mes gañaron menos do previsto e que non che poden pagar. Pídenche que continúes traballando para que poidan pagarche o próximo mes. Perdes 300 puntos e retrocedes 1 cadro.*

Cadro 41. *Ti e outras mulleres que traballan na fábrica organizádesvos para defender os vosos dereitos. Xa estades cansas de que na cidade vos exploten e discriminen. Gañas 300 puntos e avanzas 1 cadro.*